

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 25/02/2021.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro  
D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral  
D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto  
D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera  
D. Daniel Ríos Fernández  
D. Joshua Dopico López  
D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal  
D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro  
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro  
D. Luis Angel Díaz González.  
D. Luis Pena Mosquera  
D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

**- SESIÓN ORDINARIA DE 28/01/2021.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

**- SESIÓN ORDINARIA DE 28/01/2021**  
(Expediente TDeC: 2021/G006/000034)



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

#### **Ordinaria de 28/01/2021**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

#### **Ordinaria de 28/01/2021**

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, na data que figura na marxe"*

A Presidencia pregunta se algun/ha membro ten algo que dicir sobre o borrador da acta.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

#### **Ordinaria de 28/01/2021**

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## **2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A "AP9. TRANSFERENCIA INMEDIATA A GALIZA".**

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, o Sr. Luis Pena Mosquera, da lectura a moción que se transcribe a continuación:

### **"AP9: TRANSFERENCIA INMEDIATA A GALIZA**

*O grupo municipal do BNG de Pontedeume presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.*

#### **Exposición de motivos:**

*A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que articula un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación do país. As peaxes que diariamente soportan arredor de 22.000 galegas son abusivas e un verdadeiro lastre para a economía do noso país.*

*Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013 pero foi ampliada (en 1994) por Felipe González por dez anos máis e (no 2000) por José María Aznar en 25 anos máis. Logo no 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta do PP, a autoestrada por un prezo ridículo.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve.*

*A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. No 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que despois foi vetada pola Mesa do Congreso. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG no 2017. E mentres se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba no 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas, cun custo de máis de 4.000 millóns de euros. Por fin, neste mes de febreiro o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.*

*Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas. Mentres se consegue é preciso que se rebaixe de forma inmediata as peaxes da AP9, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas para as que o goberno xa dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.*

Por todo o exposto o Pleno do Concello **ACORDA:**

*Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións"*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, comenta que a utilización das mocións urxentes debía ser algo excepcional, o normal sería introducilas na orde do día, e pregunta se deberían ser ditaminadas pola Comisión.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Angel Díaz**, o grupo do Partido Popular propón unha emenda a introducir, a cal se transcribe "...que se poñan os recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión." O Sr. Luis Pena, acepta a introdución da emenda.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, explica que é unha reivindicación histórica do PSG, non só do BNG, xa reclamada por primeira vez polo presidente Emilio Pérez Touriño no ano 2005, que foi esquecida dende a chegada do Sr. Feijoo ao goberno en 2009. Tamén afirma que foi debatida no Parlamento de Galicia, ata en tres ocasións, pero o goberno do Partido Popular a vetara. Fai unha cronoloxía dos feitos históricos acaecidos referentes ao tema, e finalmente aclara que o voto vai se a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións, e que se



poñan os recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión.

### **3.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO PMP E MOROSIDADE. CUARTO TRIMESTRE 2020.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN**

#### **DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 12/2021 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2020)**

(Expedientes TEdEc: 2021/X998/000004 / 2021/G006/000032)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)”

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 12/2021, de asunto: Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao **cuarto trimestre de 2020**

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume na data sinalada na marxe”

Os membros/as presentes **TOMAN RAZÓN**

### **4.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO EXECUCIÓN TRIMESTRAL. 4º TRIMESTRE 2020.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### "PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

#### REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2020)

(Expediente TEdC: 2021/G006/000033)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 16/2021, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 4º Trimestre de 2020.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume na data xinalada na marxe".

Os membros/as presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

O concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular o Sr. Luis Angel Díaz González, da lectura a moción que se transcribe a continuación:

**MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO EL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A RECONOCER LA CAPACIDAD DE GESTIÓN DE LAS ENTIDADES LOCALES Y A AUMENTAR EL PORCENTAJE DE LOS FONDOS EUROPEOS DE RECUPERACIÓN ASIGNADO A LOS AYUNTAMIENTOS, DIPUTACIONES, CABILDOS Y CONSELLS INSULARES.**

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Ponte deume, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de Ponte deume desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares constituyen las administraciones más accesibles a los ciudadanos que les demandan servicios públicos de calidad y les reclaman soluciones a sus necesidades y problemas.

Las entidades locales siempre han respondido de manera eficaz a esas exigencias de los vecinos excediéndose, en muchas ocasiones, de las competencias propias que tienen asignadas y, además, han jugado un papel fundamental en la prestación de los servicios públicos básicos a los ciudadanos que habitan los pueblos y ciudades de España.



Un papel decisivo y fundamental que las entidades locales españolas han vuelto a ejercer desde el inicio la pandemia provocada por el COVID-19.

Así, desde el mes de marzo de 2020, los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares han puesto en marcha iniciativas para contener la expansión de la pandemia, proteger a su población del virus, apoyar a los ciudadanos más vulnerables, siendo pioneras en implantar programas y ayudas para paliar los efectos de la crisis sanitaria, social y económica derivada de la pandemia.

Mientras esto sucedía, **el Gobierno de España no solo no ha destinado un solo euro a apoyar a las entidades locales en su lucha contra el virus y las negativas consecuencias del mismo sino que ha demostrado una absoluta falta de respeto a la autonomía de las entidades locales y al marco jurídico que las regula así como una grave deslealtad a los gobiernos locales y a todos los vecinos a los que representan.**

Primero, **el Gobierno de España intentó apropiarse** a través del Real Decreto Ley 27/2020 **de los ahorros acumulados durante los últimos años por las entidades locales** en una muestra de responsabilidad y buena gestión de los recursos públicos de todos los vecinos. Una confiscación que, gracias a la movilización del Partido Popular y a la denominada "rebelión de los alcaldes", de todo signo político, se logró evitar.

Segundo, **el Gobierno de España desprecia a las entidades locales en los Presupuestos Generales del Estado para 2021** puesto que:

- 1. no incluyó en los mismos el fondo para la reconstrucción local prometido por la Ministra Montero en reiteradas ocasiones durante el pasado año.**
- 2. las transferencias a entidades locales se incrementan menos del 2% frente al 6,4% de incremento global de los PGE**
- 3. Las CCAA gestionarán el 54,2% (18.793 millones €) del total de fondos de recuperación europeos mientras que a las entidades locales no se les va a dejar gestionar ni siquiera el 4,2% (1.483 millones) de dichos fondos, que tienen adjudicados.**

Si hacemos el cálculo sobre el total de fondos europeos a percibir por España, 140.000 millones, el porcentaje se reduce al 1%, lo que confirma fehacientemente que el Gobierno de Sánchez e Iglesias es el más antimunicipalista de la democracia.

Por último, hay que señalar que **el Gobierno de España ha aprobado**, gracias al apoyo de Bildu y la abstención de Vox, **el Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que concentra en el propio gobierno la mayor parte del poder en el reparto de los fondos de recuperación que la Unión Europea ha asignado a España.** Un decreto que se caracteriza por la **arbitrariedad, falta de transparencia y concentración de las decisiones** en un gobierno que ya ha demostrado su sectarismo y su falta de lealtad con las entidades locales y, en definitiva, su desprecio a la autonomía local.

Ante esta realidad, **el Partido Popular ha exigido en diversas ocasiones:**

- 1. la creación del fondo de reconstrucción para las entidades locales.** Un compromiso asumido por diversos ministros del gobierno en diferentes ocasiones que no han cumplido
- 2. un decreto de gestión de los fondos europeos que garantizase una participación real y transparente de las entidades locales en los mismos**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. y que los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares gestionasen un porcentaje de los Fondos Europeos equivalente a lo que supone el gasto local dentro de todo el gasto público total.

El Gobierno no ha aceptado ninguna de estas reivindicaciones y a través de uno de los partidos que lo sustenta (PSOE) ha llegado a justificar su negativa por “la falta de recursos intelectuales” en las entidades locales para, al menos, poder gestionar directamente el exiguo porcentaje de los fondos europeos que tiene adjudicado. Una negativa en la que nuevamente el gobierno ha contado con el apoyo de Vox.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Ponte deume, presenta la siguiente:

### PROPUESTA DE ACUERDO

El Ayuntamiento de Ponte deume:

1. Condena la postura del grupo socialista en el Senado que el pasado 18 de febrero ponía en duda la capacidad de los gobiernos locales y, por ende, de sus técnicos para gestionar los fondos europeos.
2. Rechaza la propuesta del Gobierno de España para que las EELL participen en los fondos de reconstrucción europeos tan solo en 1.483 millones de €, lo que representa únicamente el 1% del total de los fondos que llegarán a España para la lucha contra los efectos del COVID19.

E insta al Gobierno de España a:

3. Condenar formalmente la postura del grupo socialista en el Senado y a reconocer de manera expresa la capacidad de las entidades locales para gestionar correctamente los fondos europeos ya que, en los últimos años, ha sido la única administración pública española que no solo han garantizado los servicios públicos a sus ciudadanos sino que han generado ahorros para mantenerlos en el futuro y no hipotecar a las próximas generaciones de españoles.
4. Acordar que las entidades locales puedan participar de forma directa de los fondos europeos para la reconstrucción en al menos, un 14,6% (20.000 millones de €) que equivale al porcentaje de gasto público que representan las entidades locales dentro del gasto público de la Nación.
5. Fijar en el primer trimestre de 2021 el reparto entre las Entidades Locales de los Fondos del Mecanismo de Reconstrucción, Recuperación y Resiliencia, de acuerdo con las prioridades que establezca, por consenso, la Federación Española de Municipios y Provincias en materia de protección social, fomento del empleo, cultura y deporte, medioambiente y bienestar comunitario, urbanismo y vivienda, seguridad y movilidad ciudadana, sanidad y educación, y otras cuestiones de impacto local.
6. Crear de manera urgente el Fondo de Reconstrucción Local por valor de 3.000 millones € que la Ministra de Hacienda prometió en repetidas ocasiones durante el año 2020 y que todavía no se ha desarrollado.
7. Presentar un proyecto de ley de modificación del actual sistema de financiación local que incremente la Participación en los Ingresos del Estado de las EELL en una cuantía suficiente para compensar la deficiente financiación que vienen sufriendo.



Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a la Ministra de Hacienda, al Ministro de Política Territorial y Función Pública, a los Portavoces de Grupos Políticos del Congreso, Senado y de las Cortes/Parlamento/Asamblea y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o portavoz do BNG, o Sr. Luis Pena**, reitera novamente que estas mocións non deberían ser urxentes. Comenta que só están de acordo cun punto, o cal lee “... un acordo de xestión dos fondos europeos que garantise unha participación real e transparente das entidades locais nos mesmos”. Ademais afirma, que é difícil votar a favor dunha moción que non está escrita na nosa lingua, polo tanto o voto vai a ser en contra.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, comparte a opinión do BNG, e comenta que o Partido Popular non sabe que houbo cambios, entre outros, unha emenda no Senado do Partido Socialista. Referente ó tema de manexo de fondos por parte das entidades locais, explica que non é doado, pois a Xunta ten as competencias. Sen embargo o Goberno da Nación está facendo modificacións e transferencias para poder acceder ás subvencións. A continuación comenta que o Grupo Socialista podería aceptar a exposición de motivos ata o terceiro parágrafo, e propón outros acordos, os cales lee:

“AO ESTADO:

1. *Reclamar a participación das entidades locais na xestión directa dos fondos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2. *Solicitar que no reparto de recursos do Fondo, se teña en conta características específicas de cada Comunidade que se viron especialmente afectados pola pandemia, como a dispersión territorial e o envellecemento da poboación.*

3. *Como cuestión xeral, potenciar a participación activa das entidades locais na elaboración a nivel comunitario dos Plans de Desenvolvemento Rexional, nos marcos estratéxicos e nos instrumentos de planificación correspondentes, establecendo unha cota de participación municipal no total de recursos de orixe europeo asignados ao Estado e as Comunidades Autónomas, abrindo a posibilidade de liñas específicas para aquelas entidades que polo seu tamaño non poder participar nos programas actuais.*

A XUNTA DE GALICIA:

1. *Demandar unha lei de Financiación das entidades locais.*

2. *Demandar a transferencia dunha parte do Fondo Extraordinario que ten recibido do Estado para as entidades locais.*

3. *Demandar o incremento do Fondo de Cooperación Local.*

4. *Demandar a creación dun fondo de compensación interterritorial de Galicia destinado aos concellos menos favorecidos co fin de paliar os desequilibrios existentes en infraestruturas físicas, económicas e sociais e de propiciar un desenvolvemento equilibrado entre as distintas áreas da comunidade.*

5. *Artellar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente ás administracións locais galegas ante a aprobación de normas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan suporier unha minoración dos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos”.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra o Sr. Luis Angel Díaz**, non aceptan os cambios, pois afirma que son mocións diferentes.

De seguido, sométese a votación a moción, **NON QUEDANDO ADOPTADOS OS ACORDOS** por **11 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, 2 votos en contra das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; e **2 votos a favor** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González.

O voceiro do grupo municipal do PSOE, o Sr. José Simoes Couceiro, da lectura a moción que se transcribe a continuación:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O DESMANTELAMENTO INDUSTRIAL DAS COMARCAS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL.**

O Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume, con arreglo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Fai apenas uns días, o pasado 19 de xaneiro, a empresa Endesa anunciaba a súa decisión unilateral de peche definitivo da central térmica de As Pontes, escudándose nunha suposta inviabilidade do uso de biocombustibles que impide, o seu xuízo, prolongar a vida da súa instalación no municipio, sen garantir postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas. Estes últimos, suma ao redor de 170 persoas cuxos empregos se atopa no aire.

Con esta nova falla de compromiso amosada pola empresa, ten lugar o derradeiro hito no desmantelamento industrial nas comarcas de Eume, Ferrolterra e Ortegal, proceso de desmantelamento cuxo ritmo ven de acelerarse o longo do pasado ano 2020.

Deste xeito, so uns días antes, o 11 de xaneiro, a empresa Siemens Gamesa, ubicada no concello de As Somozas, pechaba tamen a única pranta de fabricación de palas eólicas en España, e que conta cun cuarto de século de antigüidade, e deixa no paro máis de 200 empregos. Trátase doutro peche de todo incomprendible, nun contexto particularmente favorable para o sector por todas as oportunidades que ofrece a transición enerxética, e do que non cabe outra explicación que unha mera operación de deslocalización da produción hacia Portugal, concretamente a planta de Senvión, onde a empresa ven de realizar un



importante investimento para adquirir unha fábrica, precisamente único obxectivo de abaratar salarios e costes de produción. Resultado desta forma de actuar é que Galicia queda sen fabricantes de aerogeneradores nun sector estratéxico nos próximos anos.

Este penoso proceso de desmantelamento afecta tamén a empresa Navantia Ferrol, que, a espera da posta en marcha do programa F-110 de fragatas de última xeración, se atopa, na actualidade nunha situación crítica, sen carga de traballo, pois o único pedido en curso terminará no mes de marzo, polo que a factoría xa recortou preto de dous mil postos.

Ante este panorama, Alcaldes, asociacións de empresarios e centrais sindicais das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal sumaron as súas forzas nunha xuntanza, reclamando a participación de todas as administracións na busca de solucións e alternativas para este problema industrial existente nestas zonas especialmente castigadas, e na que expresaron todas as súas demandas; demandas, ás que esta entidade provincial mostra todo o seu apoio a traves da presente moción

Polo exposto, O Grupo Municipal Socialista no Concello de Pontedeume solicita ó Pleno da Corporacion Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Esixir a empresa Endesa que garanta postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas.
2. Instar a Xunta de Galicia e ao Goberno Central a realización dunha auditoría das axudas públicas das que se beneficiou Siemens Gamesa nos últimos anos (autonómicas, estatais e europeas), e se esixan todas as responsabilidades oportunas, unha vez consumada a decisión de peche.
3. Instar ao Ministerio de Defensa e a Navantia a construción dun buque-puente, para dar carga de traballo aos astilleiros de Ferrol.
4. Instar a Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Empresa e Innovación) e ao Goberno Central (Ministerio de Industria, Comercio y Turismo y Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), para que se proceda a creación urxente dunha mesa de traballo para a reindustrialización, reactivación económica e a competitividade das tres comarcas afectadas, Ferrolterra, Eume e Ortegal.
5. Instar a Xunta de Galicia e o Goberno Central a que as subastas sobre renovables que se poñan en marcha no futuro, se vinculen ao desenvolvemento ou mantemento de proxectos industriais localizados en Galicia.
6. Mostrar todo o apoio a folga xeral do 25 de febreiro, e as mobilizacións promovidas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, está de acordo con todo o exposto, e o seu voto vai a ser a favor.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, afirma que non poden aceptar o peche sen alternativas, pero hai que lembrar a historia do espolio de Endesa, que son as privatizacións de Felipe González, e despois as do Partido Popular de Aznar que a privatizou, para logo dicir, que o que se está a vivir é unha nova reconversión industrial, tanto na comarca de Ferrol como na do Eume, da que son cómplices o Partido Popular e o Partido Socialista, e incluso nalgún caso beneficiarios, e aínda así o voto vai a ser a favor.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes** pensa que o BNG está facendo moita demagogia, afirma que o Partido Socialista investiu moito diñeiro na comarca, e non ten a culpa de que as empresas marchen, tamén comenta que a historia non se pode cambiar, hai que pensar no presente para mellorar o futuro.

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, pregunta se hai algunha comunicación do Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica do permiso para o peche. O Sr. José Simoes responde que o seu Partido insta ao Goberno que responda esas cuestións, e tamén a crear unha mesa de negociación.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández**, lee un artigo do Correo Galego do 30/01/2007, "Navantia e Fene irán a quebra nun lustro se non se construen buques civís". O artigo fai referencia a que tanto o conselleiro de industria, Fernando Blanco, como un alto cargo, Francisco Rodríguez, eran do BNG e avogaban pola privatización do asteleiro, o querían vender ao Grupo Barrera, que hoxe está en quebra. Afirma tamén que o BNG gobernou catro anos xestionando a Área de Industria, e a súa principal proposta, foi privatizar o asteleiro. De seguido comenta que o goberno socialista, no Plan Ferrol, o cal abarca do ano 2006 ata o 2009, logrou un investimento de 791 millóns de euros nesta comarca, xerando 1.800 empregos nos primeiros anos, con axudas directas de 124 millóns de euros, ademais moitas das empresas que hoxe pechan, foron creadas nesa época grazas os investimentos do Plan Ferrol, por iso solicitan que se audite.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a urxencia da moción do Partido Popular anterior que non foi ratificada e a do Partido Socialista, quedando **RATIFICADA A URXENCIA de ambas**, coa **INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA**, por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 votos en contra** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre.

De seguido, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Esixir a empresa Endesa que garanta postos de traballo alternativos aos traballadores da plantilla principal, empresas auxiliares e transportistas.
2. Instar a Xunta de Galicia e ao Goberno Central a realización dunha auditoría das axudas públicas das que se beneficiou Siemens Gamesa nos últimos anos (autónómicas, estatais e europeas), e se esixan todas as responsabilidades oportunas, unha vez consumada a decisión de peche.
3. Instar ao Ministerio de Defensa e a Navantia a construción dun buque-puente, para dar carga de traballo aos astilleiros de Ferrol.



4. Instar a Xunta de Galicia (Conselleriá de Economía, Empresa e Innovación) e ao Goberno Central (Ministerio de Industria, Comercio y Turismo y Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), para que se proceda a creación urxente dunha mesa de traballo para a reindustrialización, reactivación económica e a competitividade das tres comarcas afectadas, Ferrolterra, Eume e Ortegal.

5. Instar a Xunta de Galicia e o Goberno Central a que as subastas sobre renovables que se poñan en marcha no futuro, se vinculen ao desenvolvemento ou mantemento de proxectos industriais localizados en Galicia.

6. Mostrar todo o apoio a folga xeral do 25 de febreiro, e as mobilizacións promovidas polas centrais sindicais en defensa dos postos de traballo.

## 6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### "DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/02/2021

(Expediente TEdC: 2021/G006/000035)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **33.2021** de 22 de xaneiro ao **106.2021** de 17 de febreiro de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000033	Responsabilidade Patrimonial, Paloma Salvadores Aristegui	000033/2021	22-01-2021 14:22
2020/G003/000831	DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. ( MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.)	000034/2021	22-01-2021 16:21
2021/G003/000019	SEGUROS SOCIAIS-DECEMBRO 2020.	000035/2021	25-01-2021 11:35
2021/G003/000037	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno do 28/01/2021	000036/2021	25-01-2021 13:23
2021/G003/000036	DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE CAMBIO DE HORARIO DE APERTURA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	000037/2021	25-01-2021 14:52
2021/G003/000041	BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE MOVILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS.	000038/2021	26-01-2021 15:04

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/G003/000038	RECOLLIDA DE LIXO, RECURSO ANTONIO NAVARRO.	000039/2021	26-01-2021 15:04
2021/G003/000043	RECLAMACION PATRIMONIAL DE ANGEL OTERO FEAL POR DANOS EN VEHICULO MATRICULA 6123HSM O DIA 12/12/2020.	000040/2021	26-01-2021 15:05
2021/G003/000040	Responsabilidade Patrimonial, Margarita López García	000041/2021	26-01-2021 15:05
2021/G003/000047	Responsabilidade Patrimonial, Sara Dopico Rodríguez	000042/2021	27-01-2021 12:21
2021/G003/000046	RENOVACION POR CADUCIDADE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000043/2021	27-01-2021 12:21
2021/G003/000048	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA A ACTUACIÓN "CAMIÑO NA HERBOSA (BOEBRE) E CAMIÑO NA GRAÑA (POS+ 2019)" (Expediente TEdC: 2019/C003/000009)	000044/2021	27-01-2021 12:22
2021/G003/000049	Responsabilidade Patrimonial, María Fe López Vila	000045/2021	27-01-2021 12:22
2021/G003/000052	Responsabilidade Patrimonial, Francisco José Álvarez Rodríguez	000046/2021	27-01-2021 12:22
2021/G003/000053	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 1/2021, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.-	000047/2021	27-01-2021 13:27
2021/G003/000054	Convocatoria da Sesión da Xunta de Goberno Local de 28/01/2021	000048/2021	27-01-2021 13:27
2021/G003/000051	PERSOAL-APROBACIÓN NÓMINA MES XANEIRO 2021.	000049/2021	28-01-2021 14:11
2021/G003/000039	PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2021.	000050/2021	28-01-2021 14:11
2021/G003/000058	Cambio Titularidade por compravenda-Joaquin Iglesias Feito (Baixa)-Abanca (Alta)	000051/2021	28-01-2021 14:11
2021/G003/000057	RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA LISTA DE ESPERA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA". CURSO 2020-2021	000052/2021	28-01-2021 14:11



2021/G003/000018	EXPEDIENTE DE RESOLUCION DE INICIO DE PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO AI 99500000021519	000053/2021	28-01-2021 14:11
2021/G003/000060	Anulación recibos lixo 2018-2020 e alta padrón 2021 Constantino Regueira Vazquez -Mª Ángeles Freire Villar	000054/2021	28-01-2021 15:18
2021/G003/000059	FRANCISCO JOSE VAZQUEZ VILA, RECURSO PAGO DUPLICADO PUESTO MERCADO	000055/2021	28-01-2021 15:18
2021/G003/000042	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS DE TURISMO. DEPUTACIÓN 2021	000056/2021	29-01-2021 11:01
2021/G003/000032	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA MANTENIMIENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.DEPUTACIÓN 2021	000057/2021	29-01-2021 11:01
2021/G003/000044	INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DE DATA 17.12.2020, DESESTIMATORIA DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE PONTEDEUME NO PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE AXUDA "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA"(expediente IN519B 20/54-0)" (Expediente TEdC:2020/A003/000014)	000058/2021	01-02-2021 11:23
2021/G003/000063	CAMBIO TITULARIDADE POR COMPRAVENDA E ANULACION DE RECIBOS	000059/2021	01-02-2021 11:22
2021/G003/000064	RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA", CURSO 2020-2021	000060/2021	01-02-2021 11:12
2021/G003/000050	Axuda ás familias para a adquisición de material escolar curso escolar 2020-2021. Segundo ciclo de educación infantil, primaria e eso.	000061/2021	02-02-2021 14:03
2021/G003/000067	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000062/2021	02-02-2021 14:10
2021/G003/000066	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000063/2021	02-02-2021 14:10
2021/G003/000065	VARIACIONES/ ALTERACIONES PADRON LIXO 2021	000064/2021	02-02-2021 14:03
2021/G003/000035	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS ANO 2021. DEPUTACIÓN DA CORUÑA	000065/2021	02-02-2021 14:03
2021/G003/000061	Decreto subvención técnico deportivo 2021	000066/2021	02-02-2021 14:03

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/G003/000062	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O MANTENIMENTO DUN TÉCNICO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. DEPUTACIÓN 2021	000067/2021	02-02-2021 14:03
2021/G003/000056	APROBACIÓN PADRÓNS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, DECEMBRO 2020	000068/2021	02-02-2021 14:03
2021/G003/000068	EXPEDIENTE DE EXPROPIACION FORZOSA PARCELAS 6969313NJ6066N0001LD E IDEM 12 PARA PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO EN CABANAS PONTEDEUME I FASE.	000069/2021	03-02-2021 09:49
2021/G003/000072	COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO OU MODIFICACIÓN DE ACTIVIDADE A NOMBRE DE NICOLAS PENA POSE EN AVDA. RICARDO SANCHEZ 48	000070/2021	03-02-2021 12:48
2021/G003/000073	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA A OBRA "RENOVACION DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE O PORTIÑO ATA ANDURIÑA (PAI 2016)" (Expte 2018/C003/000010)	000071/2021	03-02-2021 12:44
2020/G003/000488	Pago do 10% restante da subvención nominativa do 2018 ca entidade Asociación de Veciños de Nogueirosa.	000072/2021	03-02-2021 14:29
2021/G003/000055	Decreto expediente rectificación de erros, convenio Asociación de Veciños "Os Castros" de Centroña, ano 2019.	000073/2021	03-02-2021 14:29
2021/G003/000074	RECOLLIDA DE LIXO, RECURSO MILAGROS FERRACES REGUEIRO	000074/2021	03-02-2021 15:17
2021/G003/000069	TAXACIÓN DE CUSTAS RCA / 0003973 / 2019 TRIBUNAL SUPREMO- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000053/ 2018 DE SERVICIO CULTURA DEPORTE Y RECREACIÓN S.L. CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	000075/2021	03-02-2021 15:15
2021/G003/000076	BAJA BASURA ANTONIO CAGIAO LORENZO	000076/2021	04-02-2021 12:10
2021/G003/000071	PERSOAL-NOMEAMENTO DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE SEIS MESES.	000077/2021	04-02-2021 12:10
2021/G003/000034	DE REORDENACIÓN DO VIARIO NO ACCESO Ó POLÍGONO DE VIDREIRO. PARQUES EMPRESARIAIS 2021	000078/2021	04-02-2021 12:10
2021/G003/000079	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS NA RÚA MANCEBO. ANO 2021	000079/2021	05-02-2021 11:27
2021/G003/000078	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL, MARIA PILAR PAZ	000080/2021	04-02-2021



	FERNANDEZ		14:59
2021/G003/000080	CAMBIO DE IMPUTACIÓN DE FACTURAS	000081/2021	08-02-2021 11:27
2021/G003/000077	RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA	000082/2021	08-02-2021 17:13
2021/G003/000089	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL, EVA Mª GUERRERO RICO DO 10 AO 24 DE FEBREIRO 2021.	000083/2021	09-02-2021 15:16
2021/G003/000093	LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2020 (IMPUTACIÓN FACTURAS A CONTA 413).-	000084/2021	09-02-2021 15:16
2021/G003/000091	QUE HA RECIBIDO AVISO DE CARGO DE TRES RECIBOS POR LA TASA DE RECOGIDA DE BASURA CON LA SIGUIENTE IDENTIFICACION DE LIQUIDACIÓN : 20203515070RL01R003509, 20203515070RL01R003416 Y 20203515070RL01R003415 SOLICITA HAGAN LOS CAMBIOS OPORTUNOS	000085/2021	09-02-2021 15:18
2021/G003/000081	Solicitud General a nombre de JUAN CARLOS FACHAL CARPENTE. Solicita: Que se dé de baja, con efecto retroactivo a la venta del inmueble, de la TASA DE RECOGIDA DE BASURA o de cualquier otro impuesto derivado del mencionado inmueble. Se adjun	000086/2021	09-02-2021 15:15
2021/G003/000088	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000087/2021	09-02-2021 15:15
2021/G003/000082	BAIXA DE ACTIVIDADE DE NEGOCIO EN AVDA RICARDO SANCHEZ Nº 35 BAIXO E ANULACION DE RECIBOS DE LIXO DE MARIA FRANCISCA GONZALEZ DOMINGUEZ	000088/2021	09-02-2021 15:15
2021/G003/000094	Convocatoria da sesión da Xunta de Goberno de 11/02/2021	000089/2021	10-02-2021 12:08
2021/G003/000083	ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (IDAE 2019)	000090/2021	10-02-2021 12:13
2021/G003/000096	CAMBIO DE IMPUTACIÓN DE FACTURA	000091/2021	10-02-2021 14:44
2021/G003/000087	DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO AI9950000021674	000092/2021	10-02-2021 22:58
2021/G003/000086	DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO AI 9950000021720	000093/2021	11-02-2021 12:59
2021/G003/000085	DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO AI9950000021615	000094/2021	11-02-2021 12:59
2021/G003/000090	PADRÓN POLA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, EXERCICIO 2021	000095/2021	11-02-2021 12:59



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/G003/000021	XUSTIFICACION ASIGNACIÓN A GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS ANO 2020 DO PP PONTEDEUME	000096/2021	15-02-2021 11:38
2021/G003/000020	XUSTIFICACION ASIGNACIÓN A GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS ANO 2020 DO BNG DE PONTEDEUME	000097/2021	15-02-2021 11:38
2020/G003/000809	XUSTIFICACION ASIGNACIÓN A GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS ANO 2020 DO PSDG-PSOE PONTEDEUME	000098/2021	15-02-2021 11:38
2021/G003/000070	XUSTIFICACIÓN DO PERSOAL DINAMIZADOR DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DO 4º TRIMESTRE 2020. TÉCNICO CEMIT	000099/2021	15-02-2021 11:38
2021/G003/000106	APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E CONVOCATORIAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL POR MOVILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS.	000100/2021	15-02-2021 14:37
2021/G003/000102	LIQUIDACIONS POR PUBLICACION DE ANUNCIOS NO BOP	000101/2021	15-02-2021 12:22
2021/G003/000109	MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE VALROACIÓN DESIGNADA PARA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL POR MOBILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS.	000102/2021	15-02-2021 20:08
2021/G003/000108	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, AUTORIZACIÓN DO GASTO, APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINSITRATIVAS E DESIGNACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (IDAE 2019)"	000103/2021	16-02-2021 13:52
2021/G003/000104	ASIGNACIÓN GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS 2021	000104/2021	16-02-2021 14:24
2021/G003/000084	GASTO POR CONSUMO ELECTRICO RELATIVO AO CONVENIO POLO USO DO PAVILLON IES BREAMO	000105/2021	17-02-2021 18:30
2021/G003/000113	BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE MOVILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE	000106/2021	17-02-2021 18:33



	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS.		
--	--	--	--

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, na data sinalada na marxe"*

Os membros/as presentas **TOMAN RAZÓN.**

## **7.- ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

- O Sr. José Simoes comenta que as preguntas do BNG presentadas para este Pleno de febreiro, serán contestadas no seguinte Pleno, pois foron presentadas ás 22:17 h do día vinte e catro, e non tiveron tempo de contestalas.

Os rogos presentados polo grupo municipal Partido Popular foron os seguintes:

1- Rogamos que tomen las medidas oportunas para acabar con los vertidos en la antigua cantera de cermuzo

2- Rogamos hagan los trámites necesarios para talar los árboles pegados que hay en la carretera a Perbes en la parroquia de Campolongo (en el límite con el Concello de Miño)

3- Rogamos se pongan en contacto con el propietario de la finca de al lado del cementerio para su limpieza y se pongan puntos de luz en el camino que comunica la rúa Valeriano Villanueva con Av. Del Ferrol

4- Rogamos se tomen las medidas oportunas para acabar con los desprendimientos del edificio del parque Sarmiento ya que es un peligro para los viandantes y da una mala imagen ya que se trata de la entrada de nuestro Concello.

5-Rogamos reparen el ascensor de la casa de la cultura.

6-Rogamos se estudie la posibilidad de podar los árboles que están pegados a la carretera en los jardines de Lombardero.

Os rogos presentados polo grupo municipal do BNG foron os seguintes:

1. Rogamos a retirado dos contedores de roupa "Humana" (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO)

2. Rogamos que nos envíen as actas da comisión COVID-19 (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO, INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO)

3. Rogamos que se nos envíen o informe final que debeu ser entregado ao longo do mes de marzo do estudo da empresa encargada para a redacción da ordenanza que regula a instalación das terrazas (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO, INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO)

4. Rogamos soliciten ante a Real Academia Galega a concesión do Día das Letras Galegas 2022 a Ramiro Fonte e que se faga público o escrito de apoio a esta petición.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Preguntas presentadas polo grupo Municipal do Partido Popular:

1- En el mes de noviembre presentamos una propuesta para cambiar la ubicación de la fuente que está en la plaza de Rosalíade Castro, ¿Tienen alguna decisión tomada?

2- Actualmente están funcionando los dos mercados. ¿Notendría que haberse cerrado el provisional cuando se hizo la reapertura del antiguo mercado? ¿Qué gasto genera el mercado provisional?

3- ¿A cuánto ascienden los costes de reparación del camión más viejo de la recogida de la basura?

4- El antiguo mercado ya está en funcionamiento ¿cuándo tienen pensado colocar las balizas en la esquina de la c/ Betanzos junto la rampa y la plaza de aparcamiento de minusválidos?

5- Como partido político hemos solicitado en varias ocasiones un local para poder ejercer nuestro trabajo.

¿Aún no encontraron local?

6 -¿Cuándo vana colocar y reparar las balizas de los pasos de peatones de la avenida de Doctor Villanueva?

7- ¿En qué situación se encuentra el edificio en obras de la avenida del Ferrol llegando a la estación?.

As Respostas ás preguntas plantexadas polo grupo municipal do Partido Popular, son as seguintes:

1. O Concello convocou un concurso de ideas no que se oxeron chegar ubicacións e propostas por diversos medios ao Concello, ademais de contar con outras ideas plantexadas a nivel interno. Neste momento estase a realizar o estudo sobre as autorizacións e requisitos necesarios para levar a cabo as opcións que poidan resultar viables e proceder a unha decisión final.

Sobre a súa proposta en concreto, é importante recordar, que se atopa nunha rotonda dunha estrada nacional, da cal é titular o Ministerio de Fomento, que ten unha normativa específica para este tipo de elementos, e para ubicar a fonte nese lugar débense cumprir os requisitos esixidos por esta entidade.

2. Neste momento o mercado provisional está ocupado por un antigo praceiro cunha concesión en precario e que actualmente, tras a segunda fase de adjudicación de postos do mercado, é adjudicatario provisional dun dos mesmos.

Respecto aos custos, tanto o gasto de limpeza como o suministro de exorcía é asumido polo actual comerciante.



3. Actualmente este vehículo atópase co grupo roto e está en proceso de reparación á espera da recepción das pezas necesarias ( o custo das mesmas é de 500 €). Esta avería, que impide o uso do camiión, obríganos ao aluger tempora dun vehículo cun custo de 2500 € mensuales.

4. Ao longo do mes de marzo coa incorporación do novo persoal do Plan de Empleo.

5. Neste momento non existe ningunha instalación de titularidade municipal que cumpra cos requisitos necesarios para poñer a disposición do grupo popular.

6. Tras a instalación destas balizas tramitouse coa Deputación, que é a titular desa vía, as autorizacións necesarias para a instalación da nova iluminación, similar ás instaladas nos pasos de peóns de Ricardo Sánchez que virá a sustituir ás actuais balizas.

7. No actual Plan Urbanístico elaborado polo anterior goberno do Partido Popular establece para esa zona unha bolsa desolo urbanizable que inclúe , entre outras, o solar no que se atopa este edificio. Isto supón que calquera actuación a realizar na zona estará supeditada á elaboración e aprobación dun Plan Especial para o desenvolvemento de todo o ámbito dese chan urbanizable tal como establece a Lei do Solo de Galicia.

Asímesmo, esa edificación en concreto, estaría fora de ordenación, ao ter un exceso de edificabilidade e duplicar o fondo máximo permitido, no seu momento, polas normas subsidiarias e actualmente ao Plan Xeral.

O voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Luis Pena, formula as seguintes preguntas:

1. EDIFICIO DO PICHÓ. Cal é a cuantía do preacordo para a compra do edificio inacabado da rúa do Picho ? Cal é o coste de derribo da actual construción ? Cal é o proxecto no que se plasma a futura utilización deste terreo e cal é o horizonte temporal do proxecto ?

2. EIM de "EINSA". Cal é foi o coste das obras da escola infantil de "EINSA" ? Cantos nenos e nenos están asistindo a tempo completo de forma regular ?

3. OBRA SANEAMENTO. A data prevista de finalización era o 19 de febreiro e agora parece que se pospón ata o día 19 de outubro ¿ que medidas está a tomar o concello para reducir estes prazos e subsanar as incomodidades de mobilidade de toda a poboación eumesa ?

4. ASISTENCIA PLENO VIDEOCONFERENCIA. Por que non se graban os plenos telemáticos ? Hai algún problema técnico ? Orzamentario ? Legal ?

5. RAMIRO FONTE 2022. En febreiro do 2020 aprobouse en pleno unha moción para : 1) Difundir publicamente un manifesto para que a sociedade civil (entidades culturais, persoas a título individual, institucións públicas....) poda adherirse á iniciativa, 2) Crear unha Comisión Pro\_Ramiro Fonte. Presidida por unha persoa de recoñecido prestixio; 3) Establecer un calendario de reunións coa familia, coa RAG, co tecido asociativo de Pontedeume, ILG, Universidades, etcétera, para que apoién a iniciativa e definir as actividades para homenaxear a Ramiro Fonte o Día das Letras Galegas. Que iniciativas e en que data fixo este goberno dende febreiro do 2021 en relación á petición do día das Letras Galegas a Ramiro Fonte ?

6. AXUDAS PEL REACTIVA. O Concello de Pontedeume adheriuse as axudas PEL da deputación da Coruña e mediante o Decreto da Alcaldía nº 626/2020 aprobou a convocatoria e as bases específicas do Concello de Pontedeume. Nestas bases incluíase un requisito "a maiores": TER O DOMICILIO FISCAL EN PONTEDEUME que non incluían nas bases xerais da deputación. Por que se incluíu este requisito ? Quen fixo a proposta ? Que beneficio ten este requisito para a nosa Vila ademais de perxudicar "gratuitamente" a case un 7% dos solicitantes nunha situación economicamente tan desastrosa ?

7. PXOM. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Pontedeume aprobouse Definitivamente en maio de 2016. Este planeamento vixente deixa sen solución urbanística

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

algunhas cuestións dentro do municipio, para o que o concello, supoñemos en coordinación co equipo redactor do Plan Xeral, contemplou no seu momento a alternativa das Modificacións Puntuais como ferramenta para subsanar estas deficiencias. En qué estado de tramitación se atopan estas Modificacións Puntuais ? Temos constancia de que no núcleo de Casquido, o establecemento dunha área de posición da edificación na ordenanza de núcleo rural común, deixa sen posibilidade regularizar a situación dunhas vivendas unifamiliares construídas con licenza municipal. Como pensa o concello resolver esta situación ? Que prazo temporal estima?

8. ALBERGUE DE PEREGRINOS. ANTIGO HOSPITALILLO. O ano 2021 é un ano Xacobeo. O novo albergue de peregrinos é unha nova promesa incumprida ou estará rematado neste ano 2021 ?.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández**, fai unha aclaración referente a pregunta seis plantexada polo BNG (Axudas PEL□REACTIVA), explica que foi a Deputación da Coruña no punto terceiro do documento que remite ós concellos (bases xenéricas para toda a provincia), quen establece o requisito de ter o domicilio fiscal nun dos municipios adheridos ao fondo de financiamento. A solicitude ten que realizarse no concello no que figure o domicilio fiscal da persoa física ou xurídica solicitante, independentemente onde teña o seu centro de traballo. Por iso nas bases elaboradas polo concello, inclúese ese aspecto, para que a xente teña a información.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, comenta que o concello modificou as bases, o que se fai e deixar fora das subvencións a moita xente que non o merece, e isto non beneficia ás persoas que están en situacións precarias. O Sr. Bernardo Fernández volve a repetir que non é un problema do concello de Ponte deume, senón de todos os concellos da provincia adheridos ó Plan, que fixeron o mesmo, porque así o indicou a Deputación. Se alguén non está de acordo cas bases, ten que presentar un recurso contencioso contra a Deputación da Coruña.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, afirma que as bases non din iso.

O Sr. José Simoes, comenta que as respostas as preguntas do Pleno de xaneiro serán incorporadas nesta acta, e así o ratifica a Secretaría municipal.

Procédese a dar traslado das respostas ás preguntas presentadas por rexistro polo grupo municipal do Partido Popular, correspondentes ao pleno de xaneiro:

1. A lexislación en materia económica das entidades locais establece que os fondos que quedan sen executar dentro do exercicio incorpóranse automaticamente ao remanente municipal a peche de ano. Tendo ese feito en conta, eses fondos sobrantes das axudas concedidas no ano 2020 incorporásen unha vez realícese o peche de exercicio e tras unha modificación de crédito, á partida prevista inicialmente de axudas para autónomos no orzamento para este ano 2021, co cal dita partida verase incrementada como mínimo nesa cantidade.

É importante aclarar que os 28.000€ que se repartiron correspóndense coas solicitudes entregadas que cumprían todos os requisitos. Os 22.000 restantes como dixemos anteriormente utilizaranse para aumentar a partida contemplada este ano no orzamento 2021.



2. Vista a súa pregunta e realizada as comprobacións co departamento de tesourería, non consta nesa área que se emitiu ningún recibo con recarga no que se refire á cobranza de terrazas do ano 2019.

En todo caso, se nos facilitan o contacto da persoa ou persoas que lle trasladaron esa cuestión, mirámolo caso a caso por se houberse algún tipo de erro.

3. As medidas sanitarias están a controlarse tal e como establecen os protocolos establecidos pola Xunta. De feito, na última inspección realizada por sanidade o sábado día 23 de xaneiro valorouse positivamente as medidas adoptadas solicitando tan só a instalación dun dispensador de xel a maiores dos xa instalados.

Sobre o servizo de limpeza e mantemento, aclarar que o que se contratou por parte deste concello é un servizo de conserxería que inclúe entre outras moitas esas dúas funcións de mantemento e limpeza ás que vostedes fan referencia. A totalidade das funcións son as seguintes:

**Actividades diarias limpeza y mantenimiento:**

- Limpieza zonas comunes interiores (aseos públicos pasillos de zona de venta parte histórica y parte nueva, pasillos zona de almacenes).
- Limpieza zonas privadas interiores (Aseos y vestuarios privados placentos, conserjería).
- Limpieza zonas exteriores (soportales, escaleras acceso frontales y laterales, plaza superior).
- Limpieza rejillas y zonas de desagüe.
- Limpieza de ventanales y cristaleras.
- Reposición de bolsas, limpieza y vaciado papeleras.
- Limpieza de contenedores y disposición para recogida por parte del servicio de limpieza general.
- Reposición papel higiénico, jabón, papel, gel hidroalcohólico en zonas habilitadas.

**Actividades diarias de control y funcionamiento:**

- Control de deberes y obligaciones por parte de las placentas y placentos y vigilancia de la actividad mercantil.
- Control de deberes y obligaciones por parte de las vendedoras y vendedores de productos de excedentes y vigilancia de la actividad mercantil.
- Velar por la conservación y mantenimiento del edificio y sus instalaciones y reparación y arreglos de necesidades sencillas (pintura, electricidad, fontanería).
- Atender quejas, reclamaciones y sugerencias por parte del público, vendedoras y vendedores y darles traslado a la Concejalía de Comercio (Instalación buzón de sugerencias).
- Control de aforo y cumplimiento de la medidas anti-covid-19.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

- Control de los accesos en la zona de carga y descarga.
- En caso de incumplimiento de alguna de las actividades dar aviso a la Concejalía de Comercio y realización de informe exponiendo las situaciones a corregir.

### Actividades semanales:

- Limpieza plaza superior de desagües, hierbas, etc. para correcto funcionamiento de desagües y de la zona de extracción de humos.
- Reposición botiquín.
- Reposición y solicitud materiales de limpieza necesarios.

Cabe destacar que o encargado actual do mercado atópase de baixa médica desde hai meses e que xa dixeramos no seu momento que dadas as características e dimensións do novo mercado non era suficiente para os labores de conserxería, mantemento e limpeza unha soa persoa. Polo que dadas as circunstancias realizouse un contrato menor coa empresa "Persan Galicia. S.L", solicitando previamente varias ofertas a distintas empresas, sendo esta a máis vantaxosa.

4. As obras executadas en canto ás dimensións son as que constan no proxecto aprobado no seu día polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar Social dependente da Xunta de Galicia, esas dimensións cumpren co establecido polo Consorcio para as Escolas Infantís.

Segundo trasladáronnos semanas atrás, parece ser que hai unha discrepancia entre a norma do Consorcio e a de inspección da Xunta que quedará liquidada. Esta situación non provocou nin máis obras nin máis atrasos.

Segundo trasladánnos a obra foi recibida por parte do Consorcio con tres observacións polo que quedará finaliza toda vez queden resoltas.

5. As medidas de impulso e promoción a nivel turístico son unha das prioridades para estegoberno.

Nos últimos meses, xa con restricións e limitación realizáronse iniciativas como:

- Realización da aplicación de realidade aumentada "Camiñando polo Pontedeume medieval", vinculado directamente co Camiño Inglés.
- Adhesión ao proxecto "Acente o Xacobeo" o pasado mes de decembro.
- Accións de promoción e difusión de forma periódica en prensa e radio.
- Spots promocionais na TVG sobre incentivación ao comercio local e con referencia ao 750 aniversario de Pontedeume.
- Contacto con produtoras audiovisuais para amosar a nosa colaboración en realización de produción para televisión, como o emitido o pasado 23 de xaneiro protagonizado por



Luis Zahera ou a gravación realizada sobre a familia dos Andrade o pasado 19 de xaneiro e que será emitido nos vindeiros meses no programa "Un país en 360".

- Videoconferencias con entidades escolares explicando a importancia da historia de Pontedeume

As vindeiras iniciativas de promoción e difusión programadas son as seguintes:

- Promoción da ruta heráldica no casco da nosa vila
- Continuar coas videoconferencias con entidades escolares sobre a historia e o 750 aniversario de Pontedeume.
- Visitas guiadas coa aplicación de realidade aumentada mencionada anteriormente.
- Despois do éxito do libro para colorear "Pinta Pontedeume no seu 750 aniversario", difusión entre as entidades escolares e bibliotecas da provincia da Coruña debido á demanda e interese amosado e que neste momento estamos á espera por parte da imprenta da Deputación da Coruña.
- Realización dun estudo sobre flora e fauna facendo un especial fincapé no estudo das aves para intentar entrar no proxecto de "Galicia Birding" da Xunta de Galicia.

6. En primeiro lugar cabe aclarar que dada a situación sanitaria actual como ao longo dos últimos meses decidiuse, seguindo o consello das distintas autoridades sanitarias consultadas, manter a suspensión do feirón. Devandito isto, para a súa reactivación no momento de que as circunstancias sanitarias permítano, en primeiro lugar nos pregos de adjudicación dos postos do mercado inclúese a obrigación de abrir as devanditas instalacións os sábados pola tarde como polo de atracción de visitantes e potenciais clientes. A maiores disto como xa trasladamos noutras ocasións, a intención deste goberno é centrar a oferta na alimentación con produtos ecolóxicos, de quilómetro cero e de produtores locais e da comarca e na artesanía, sen descoidar outros sectores como pode ser o téxtil. Xa que isto é un dos principais atractivos da feira e un elemento diferenciador de elementos similares que teñen lugar na nosa comarca do eume e ferrolterra.

Para a consecución dese fin mantivéronse diversos contactos con cooperativas agrícolas, queiserías, asociacións de produtores e artesáns, etc. Ademais das campañas publicitarias e de promoción ou a organización de actividades de dinamización ao longo de todo o ano.

7. Foi adquirido á empresa Comercial de Fundiciones S.L e ou custe total foi de 2752,75€, sendo un total de 100 medallas de bronce con diámetro de 5 cms e 15 medallas de prata con diámetro de 4 cms e estas últimas co canto gravado que serán distribuídas como detalle institucional durante ou presente e vindeiro ano.

Tendo en conta que non nos municipio non existen empresas que se adiquen a este tipo de traballos, así como a dificultade do gravado debido ao deseño elaborado, obtouse pola empresa anteriormente mencionada.

Procédese a dar traslado das respostas ás preguntas presentadas por rexistro polo grupo municipal do BNG, correspondentes ao Pleno de xaneiro:

1. O inmovible da rúa Picho atópase fóra de ordenación, trátase dunhas obras que foron paralizadas hai máis de 40 anos. Desde o Concello iniciáronse contactos cos seus propietarios para a adquisición dese inmovible con cargo á partida reservada no remanente de tesourería aprobada recentemente. As negociacións a día de hoxe atópanse moi avanzadas.

Sobre o edificio situado na Avenida de Ferrol atópase dentro dunha bolsa de chan urbanizable non consolidado e segundo as normas subsidiarias que rexían a concesión de licenza, cun



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

exceso de edificabilidade. Por parte do concello estívoise conversando cos distintos xestores desda edificación nos últimos anos pero o alto prezo estipulado naquel momento, impedían calquera tipo de acordo. Tendo en conta a redución do prezo da que fomos coñecedores hai uns meses, retomáronse os contactos.

2. A venda de excedentes está regulada por un decreto aprobado pola Xunta de Galicia. A todos aqueles produtores que xa estaban a vender no mercado e aos que mostraron interese na venda dos seus excedentes, solicitóuselles a presentación da documentación establecida polo devandito decreto, sendo comprobada posteriormente por persoal municipal.

Sobre os criterios para a adxudicación dos solicitantes, aplicáronse os criterios establecidos no decreto da Xunta que son de obrigado cumprimentos para o desenvolvemento desta actividade.

Sobre a localización de cada vendedor, realizouse de forma consensuada con eles, respectando na medida do posible, Tendo en conta as circunstancias sanitarias e as medidas de distanciamento social, os lugares que ocupaban antes do peche do edificio da praza do Conde realizado no ano 2013.

3. A data prevista de finalización era o 19 de febreiro. Recentemente, Augas de Galicia concedeulle unha prorroga a adxudicataria ata o día 19 de outubro.

4. A achega inicial que debemos realizar segundo o convenio subscrito é de 8363,17€. Cifra que se pode ver minorada en función do número de usuarios.

Tal e como xa denunciou este concello nos distintos medios, este servizo non está a funcionar de maneira correcta polo que se esixiu á Consellería de Política Territorial e Transportes e á empresa concesionaria do servizo que se adopten de forma inmediata as medidas necesarias para garantir unha correcta prestación do mesmo. Segundo a información da que dispoñemos, os autobuses non estaban a cumprir cos horarios establecidos para a mencionada liña, con constantes atrasos e incumprimento de horarios.

5. Cabe destacar que a solicitude foi realizada de forma conxunta polos concellos de Cabanas e Ponte deume. A esta solicitude que foi trasladada por escrito á Consellería, aínda non obtivemos resposta polo que tras poñernos en contacto con responsables sanitarios ao longo destes días, trasladóusenos que inicialmente tendo en conta as características dos contaxios na nosa vila, só íase a realizar un cribado no CEIP Couceiro Freijomil, cribado que tivo lugar esta mesma semana entre luns e martes.

Os concellos descoñecemos, a pesar de solicitalo, cales son os criterios que aplica o Comité Clínico á hora de determinar onde e como se realizan os cribados, polo que terá que trasladar a súa pregunta á Consellería de Sanidade

6. Si que garanten a condición de ser públicos e calquera veciño que o solicite por escrito terá acceso o pleno. Actualmente se están realizando as xestións de cara a conseguir fondo para a implantación de un sistema de vídeo-acta.

7. Sobre a situación da Escola Infantil de "EINSA" está en funcionamento desde o día 9 de decembro.



Segundo trasladánnos, a obra foi recibida con observacións que serán liquidadas nos próximos días. Cabe lembrar, como xa lle trasladamos noutras ocasións nas respostas que lle foron remitidas por escrito, que a empresa solicitase unha prorroga ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que é o ente que contrata e executa as obras. Esta pregunta ya fue contestada en numerosos plenos, tanto de forma oral y escrita.

8. O Concello, tras tentar conseguir a cesión gratuíta dos terreos para executar as obras e poder iniciar os traballos canto antes, e non sendo posible concluír esa xestión debido a que había un 30% de propietarios que non estaban dispostos, inicio xestións coa Deputación para obter devanditos terreos vía expropiatoria. No momento de inicio destes trámites trasladouse a Deputación a necesidade de realizar unha serie de melloras no proxecto que nalgún dos casos fóronnos trasladadas polos propios veciños. Polo que se nos informou recentemente, eses traballos están moi avanzados e prevese que esa adaptación do proxecto quede rematada no primeiro trimestre para a súa aprobación, dotación orzamentaria, obtención de autorizacións sectoriais e contratación das obras.

9. Tendo en conta que protección civil é unha asociación de voluntarios e non un GES, dende hai uns anos a causa da lexislación actual financiase este colectivo a través dun convenio nominativo. Máis alá da cantidade comprometida do convenio que se pode comprobar nos orzamentos municipais, o gasto realmente executado soe roldar entre os 14.000 e os 17.000 euros. Actualmente algúns deses convenios están en vías de tramitación.

A maiores cabe destacar o material que o longo dos últimos anos conseguise para esta entidade a través das distintas subvencións tramitadas desde este Concello con outros organismos, nos últimos cinco anos:

- Vehículo Wolswaguen Amarok
- Remolque de emerxencias
- Remolque de salvamento
- Embarcación semirrixida con remolque
- Un desfibrilador semiautomático
- Unha tenda de campaña.

10. Actualmente esa figura non está cuberta dado que temos unha praza de encargado do mercado cuberta por persoal municipal cun reforzo de conserxería. Este goberno está a tramitar desde hai varios meses distintas axudas con outras administracións para financiar o posto.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente , levanta a sesión, sendo as trece horas e seis minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.